



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Teoría da Intervención Contemporánea		Código	630G02061
Titulación	Grao en Estudos de Arquitectura			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Quinto	Optativa	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Agrasar Quiroga, Fernando	Correo electrónico	fernando.agrasar@udc.es	
Profesorado	Agrasar Quiroga, Fernando Paz Agras, Luz	Correo electrónico	fernando.agrasar@udc.es luz.paz.agras@udc.es	
Web	http://etsa.udc.es/web/			
Descrición xeral	A materia propón o estudo dun conxunto de casos dunha selección de obras arquitectónicas que sexan o resultado dunha intervención sobre o construído. Todos estes exemplos foron proxectados dende a segunda metade do século XX ata os nosos días. O conxunto de arquitecturas seleccionadas e o ideario dos seus autores, analizado a través dos seus textos, permiten unha aproximación á TEORÍA DA INTERVENCIÓN CONTEMPORÁNEA. As clases maxistras e o taller da materia parten da concreción da obra, a través da súa análise, para formular as ideas fundamentais que soportan as decisións de proxecto.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A68	Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Composición no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010
B1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado
B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ao longo da súa vida
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia do aprendizaxe ao longo da vida
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Coñecemento e comprensión das máis salientables estratexias de intervención contemporánea no construído, para a súa aplicación nos procesos de proxecto.	A68	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8
--	-----	----------------------------	--

Contidos	
Temas	Subtemas
1 Tema introdutorio: O valor do pasado, das teorías do XIX á negación da modernidade	- A conciencia do valor do existente: Alberti e Michael Angelo - Os dous polos dialécticos do XIX: Ruskin e Viollet - A ahistoricidade moderna
2 Carlo Scarpa: a narratividade secuencial e o valor do detalle singular	- Análise do Castelvecchio de Verona - Análise do Palazzo QueriniStampalia
3 Lina Bo Bardi: o espazo vivido	- Análise do CESC Fábrica Pompéia - Análise das intervencións en Salvador de Bahía - Análise do Teatro Oficina
4 Alison e Peter Smithson: orde conglomerado e signos de ocupación	- Análise comparado das vivendas dos Smithson - Análise do Solar Pavillion - Análise da Hexenhaus
5 Gordon Matta-Clark: a arte como instrumento de intervención arquitectónica	- As intervencións de Matta-Clark e as súas consecuencias arquitectónicas. - Análise de Orange Caribbean
6 Rem Koolhaas: o arquitecto como ?curator?	- Análise da Fondazione Prada - Análise da intervención no Hermitage - Cronocaos: teoría da intervención contemporánea
7 Conclusión e recapitulacións: outras experiencias e teorías	.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	B2 B3 C3	15	42	57
Proba mixta	B1 B4 B5 C1	3	16.5	19.5
Eventos científicos e/ou divulgativos	A68 B5 C1 C4 C6 C8	0	3	3
Sesión maxistral	A68 C4 C5 C6 C7 C8	30	0	30
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.



Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia a eventos divulgativos (congresos, xornadas, conferencias, etc), organizados pola ETSAC, DPAUC, etc, indicados polo profesorado da materia, como parte dos contidos docentes do curso, co obxectivo de proporcionar ao alumnado coñecementos e experiencias actuáis referentes á asignatura. Preparación de material síntese do traballo realizado na materia para a súa exposición conxunta a finais de curso, no evento organizado polo Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición: "Arquitecturas en Curso DPAUC" (Paneis, maquetas, debuxos, videos, textos, performances, ...)
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Eventos científicos e/ou divulgativos	Os traballos consistirán na análise de propostas arquitectónicas en relación ao temario do curso. Os traballos serán en grupos de tres alumnas-os.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	B2 B3 C3	Os traballos, realizados en grupo, terán unha cualificación máxima de 3 puntos. Será preciso ter entregado os traballos para superar a materia.	30
Proba mixta	B1 B4 B5 C1	Un exame ao final do cuatrimestre, referido á totalidade de todos os contidos do curso. A este exame corresponderá un 70% da cualificación final. No mesmo, é preciso acadar unha cualificación de 4 (sobre un máximo de 10) para poder superar a materia e poder facer media cos traballos.	70

Observacións avaliación

<p>A asistencia regular (mínimo un 80%) será imprescindible para realizar o traballo tutelado e a proba mixta.</p> <p>Para concorrer á segunda oportunidade de cada convocatoria será imprescindible ter entregado, na primeira, o traballo desenvolvido durante o curso e revisado polo profesorado da materia. Este traballo tutelado pode ser ampliado e correxido para ser reavaliado na segunda oportunidade.</p> <p>As/os estudantes repetidoras/es que en convocatorias anteriores teñan seguido o curso, entregado e aprobado o traballo, terán dúas opcións que deben elixir ao comenzo do curso:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1 Cursar a materia como si fosen alumnos-as de primeira matrícula. 2 Cursar a materia sen facer o traballo. En caso de optar por esta segunda modalidade, a calificación final será, únicamente, a obtida na proba mixta. <p>Avaliación en convocatoria adiantada: Para poder optar á avaliación en convocatoria adiantada deben cumprirse as condicións de avaliación xeral nun curso previo.</p> <p>Medidas para o estudantado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia : Non se contemplan.</p> <p>Plaxio. No relativo ao plaxio se atenderá ao indicado no Art. 14º das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC: "A detección de plaxio, así como a realización fraudulenta de probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobado, implicará directamente a calificación de suspenso (0) na materia da convocatoria correspondente, invalidando así calquera calificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria".</p>
--

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- SOLÁ-MORALES, Ignasi de (2006). Intervenciones. Barcelona: GG- SEMI, Franca (2010). A lezione con Carlo Scarpa. Venecia: Cicero- BO BARDI, Lina (1996). Lina Bo Bardi. Sao Paulo: Imprensa Oficial- BO BARDI, Lina (2014). Por escrito. Textos escogidos 1943-1991. México DF: Alias- SMITHSON, Alison y Peter (2001). The charged void: Architecture. Nueva York: The Monacelli Press- CORBEIRA, Darío (Ed) (2000). ¿Construir... o deconstruir? Textos sobre Gordon Matta-Clark. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca- KOOLHAAS, Rem (2014). Preservation is overtaking us. Nueva York: GSAPP Books
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Teoría da Arquitectura/630G02025

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías